



## MEMORIA DE CALIDADE

**Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo**

**Curso Académico: 2021/2022**

<b>Fase</b>	<b>Unidade/Órgano</b>	<b>Data</b>
Aprobación por	Comisión de Calidade da Escola de Relacións Laborais	25/05/2023
Aprobada por	Xunta de Escola	25/05/2023

## Índice

<b>1.- Introducción</b> .....	3
<b>2.- Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados</b> .....	5
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	5
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.....	8
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	10
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.....	15
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	16
Directriz 6. Información pública.....	18
<b>3.- Plan de Melloras do centro</b> .....	19
<b>4.- Modificacións nos diferentes títulos</b> .....	19
<b>5.- Listaxe de evidencias e indicadores</b> .....	20

## 1.- Introducción

En consonancia co proceso PE-02 Revisión e Mellora, do Sistema de Garantía de Calidade (en adiante SGC), a Memoria de Calidade da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo, é o documento que recolle a análise da aplicación do Sistema na Escola, e do desenrolo e resultados do programa formativo oficial adscrito a ela no curso 2021/2022. Neste curso elimináronse as restricións motivadas pola pandemia que caracterizaron os dous cursos anteriores a este. É de destacar que a partir deste curso a docencia presencial convive co emprego da aplicación MS TEAMS a través da cal se realizan as titorías, tanto dos alumnos do Grao presencial, como para os alumnos aos que se lles concedeu a dispensa de asistencia a clase.

O título oficial impartido no Centro no curso obxecto desta Memoria (2021/22) foi o seguinte: *Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos* (en adiante GrRL). Código RUCT 2500975; Código USC G3021.

En canto á comunidade académica, o número de estudantes matriculados no título e o número de docentes que impartiron o Grao, no curso de referencia, foi o seguinte:

Titulación	Estudantes	Docentes
GrRL	125	16

A ratio alumnado/PDI mantense respecto aos cursos anteriores. Tamén destaca no cadro infra, o reducido número de Persoal de administración e servizos (PAS) na Escola de Relacións Laborais de Lugo.

Área de administración	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Unha persoa de Escala Administrativa</li> <li>• Un responsable de Asuntos Económicos.</li> </ul>
Área de conserxería	Un/a Conserxe
Área de biblioteca	A Biblioteca Intercentros compartida co resto do Campus Universitario de Lugo.

En canto aos Órganos para o desenrolo do SGC, distinguimos:

Unipersoais:

- Responsable de Calidade
- Coordinador/a do Título
- Coordinadores/as de curso
- Coordinador/a de prácticas en empresas.

Colexiados:

- Equipo decanal
- Comisión de Título/Calidade do Centro (CTCC)
- Comisión Intercentros para coordinarse coa Facultade de Santiago de Compostela.
- Comisión de TFG

Por enriba destes órganos, está a **Xunta de Escola**, órgano colexiado de goberno do Centro, responsable, entre

outras funcións, da aprobación da Memoria de Calidade, así como das propostas de novos títulos e no seu caso, das súas modificacións.

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) renovou a acreditación do título de GrRL o 30/11/2017.

Ademais dos regulamentos, instrucións e normas xerais da Universidade cabe referir a seguinte documentación interna propia da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo:

- Regulamento de Réxime Interno
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao
- Manual do SGC e Manual de Procesos do Centro
- Memoria verificada do título de Grao.

Da cordo co procedemento establecido (PE-02), para a elaboración desta Memoria, a Comisión de Título/Calidade realizou a análise do desenvolvemento e resultados do programa formativo durante o curso 2021/22 (ao final deste documento inclúese o enlace aos Autoinformes de Seguimento do GrRL, así coma o Plan de Melloras).

BORRADOR

## 2.- Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

### Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

**Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.**

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do Centro.
- A evolución do proceso de elaboración, desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A través do SGC, esta Escola dispón dos mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora.

Aínda que, existe un apartado específico de calidade en dúas páxinas web coas que conta o Centro (Páxina web USC e páxina web propia do Centro), onde se visualiza toda a información pública asociada ao SGC, a Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo deseñou unha acción de mellora específica co obxectivo de impulsar o Sistema de Garantía de Calidade, mellorando a súa transparencia e os contidos do Manual de Calidade (inclúese a composición e competencias da Comisión de Prácticas externas, a figura e competencias do Coordinador de prácticas externas e a figura do Alumno-Titor).

En canto á revisión dos procesos e procedementos do SGIC, lévase a cabo mediante unha estrutura descrita na figura 1. Tal e como se pode observar no diagrama, dita estrutura permite un traballo colaborativo dos representantes de todos os grupos de interese (grupos externos e grupos pertencentes ao Centro). Existe tamén unha Comisión de Coordinación Intercentros (Santiago- Lugo).

As distintas Comisións creadas elaboran os informes que permiten á Comisión de Título/Calidade elaborar e aprobar as propostas de modificación e mellora dos procesos e procedementos do SGIC.




Figura 1

Por último, sinalar que durante o curso 2021/2022 non se produxo queixa/suxerencia nin recurso algún.

O Grao de cumprimento das accións de mellora incluídas no Plan de Mellora 2020-2021 víronse afectadas pola pandemia do COVID-19 e a actividade do Centro desenvolveuse en parte de modo presencial coa implantación de medidas de protección fronte ao Covid establecidas pola Universidade de Santiago de Compostela. Consecuencia desta situación as accións de mellora do Plan de Melloras 2020-2021, tiveron que ser anuladas case na súa totalidade, salvo as que se recollen a continuación neste documento, que están pendentes de execución:

O Plan de Melloras é o seguinte:

**Obxectivo a acadar: incrementar a matrícula de novo ingreso**

**Responsable do obxectivo:** Dirección do Centro

**Data inicio:**  
Sept. 2020

**Data fin:**  
Maio 2021

**Obxectivo estratéxico relacionado** 2.1.A. Colaborar co programa A Ponte e demais medidas de captación desenvolvidas pola USC

**Procesos clave relacionados** PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación

**Indicador/es de medición**

Análise da matrícula de novo ingreso

**Meta a acadar**

Aumento da matrícula de novo ingreso e coñecemento do título

**Accións de mellora relacionadas (Código)**

GRL-AM3 (Informe de Seguimento 2020-2021)

**Grado de cumprimento do obxectivo e da AM**

**Valor dos indicadores**

O número total de estudantes que se matriculan no Grao varía levemente en función do curso académico. Si observamos a evolución total, apréciase un lixeiro incremento de matriculados no curso 2020-2021 con respecto ao curso anterior.

**Grao de consecución da meta**

Parcial. Este obxectivo e esta AM vinculada está por concluír, en tanto en canto, o incremento de matrícula foi lixeiro e non acadou as prazas ofertadas polo Centro

**Obxectivo a acadar: Mellorar o coñecemento do alumnado sobre a elaboración dos traballos fin de grao**

**Responsable do obxectivo:** Dirección do Centro

**Data inicio:**  
Sept. 2020

**Data fin:**  
Maio 2021

**Obxectivo estratéxico relacionado** 2.1.C Celebrar charlas de orientación: itinerarios curriculares e optatividade

**Procesos clave relacionados** PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

**Indicador/es de medición**

Analizar a taxa de avaliación da materia obrigatoria de TFG

**Meta a acadar**

Mellorar o coñecemento sobre a elaboración de TFG

**Accións de mellora relacionadas (Código)**

GRL-AM5 (Informe de Seguimento 2020-2021)

**Grado de cumprimento do obxectivo e da AM**

**Valor dos indicadores**

Analizados os indicadores, estes reflicten un descenso do número de TFG presentados.

**Grao de consecución da meta**

Parcial. Este obxectivo e esta AM están por concluír, en tanto en canto, debe de fomentarse a presentación e defensa de TFG

## Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
  - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
  - cumprimento de guías docentes;
  - procedementos de coordinación,
  - análise do perfil real de ingreso/egreso,
  - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
  - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño, revisión, mellora e, si procede, extinción do programa formativo da Escola de Relacións Laborais realizouse conforme ao previsto no Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC, vixente durante o período en análise. O título activo deste Centro no curso 2021/22 foi obxecto de renovación da súa acreditación superándose con éxito o 30/11/2017. O resultado favorable desta avaliación da ACSUG reflicte un desenvolvemento adecuado dos programas formativos.

De acordo co proceso PE-02, Revisión e Mellora, do SGC da Escola, os membros integrantes da Comisión de Título-Calidade analizan anualmente, o desenvolvemento do programa formativo, e no seu caso, a execución das AM a él vinculadas. A análise inclúe o seguimento do cumprimento da Memoria Verificada do Título (en adiante MVT), os perfís de ingreso/egreso e o resultado de aprendizaxe. Os informes que os diferentes membros da Comisión elaboran (dividindo as tarefas a realizar en varios equipos de traballo), analízanse na Comisión de Título/Calidade do Centro (en adiante CTCC), que os revisa, aprobando as AM derivadas. O SGC establece a sistemática coa que se realizan os procesos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos, algún deles chave: PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas. Neste apartado sintetízase a análise do desenvolvemento dos programas formativos da Escola de Relacións Laborais de Lugo durante o curso 2021/2022.

As guías docentes do Plan de Estudos do Grado en RRLL e RRHH impartido na E.U. RRLL son as mesmas que as elaboradas pola Facultade de RRLL de Santiago para o curso 2021/2022. O profesorado da Escola cumpriu satisfactoriamente coa programación establecida nas distintas materias do plan de estudos. Proba dilo, é a puntuación que outorgou o alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida (4,06 sobre 5).

Respecto á coordinación no desenvolvemento do programa formativo, os coordinadores de curso levaron a cabo un seguimento, a través dun cronograma, no que participa todo o equipo docente. Con elo conséguese unha información fehaciente sobre os criterios de avaliación seguidos en cada materia. Asemade, tamén ofrece un coñecemento sobre a posibilidade da existencia dunha sobrecarga de traballo no alumno/a, xa que permite saber semanalmente a actividade programada por cada profesor e si se solapan as distintas actividades que requiran máis de dúas horas de traballo autónomo.



**PERFIL DE INGRESO DO GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS**

CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
IN01-PC-01-Prazas ofertadas	Grao	57	45	45	45
IN02-PC-01-Matricula	Grao	148	139	140	125
IN03-PC-01-Matricula de acceso	Grao	37	31	37	27
IN04-PC-01-Matricula de novo ingreso por prescrición	Grao	26	22	32	21
IN05-PC-01-Variación de matrícula de novo ingreso por prescrición	Grao	-3,7	-15,38	45,45	-34,38
IN06-PC-01-Nota media de acceso por prescrición	Grao	6,65	7,48	7,44	7,66
IN07-PC-01-Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	Grao	55,00	94,44	79,31	94,44
IN08-PC-01-Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	Grao	2,70	2,16	2,14	2,4
IN09-PC-01-Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	Grao	3,38	2,88	2,14	1,6
IN10-PC-01-Relación de estudantes prescritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre prazas ofertadas	Grao	29,82	28,89	42,22	35,56
IN12-PC-01-Tasa de ocupación	Grao	45,61	48,89	71,11	93,33

O número de prazas de novo ingreso ofertadas para cada curso académico (In01G) mantense estable en 45 dende o ano 19-20 ata a actualidade.

O número de estudantes matriculados (In02G) presenta variacións ao longo dos derradeiros cursos académicos. Non obstante, a magnitude destas variacións é pouco relevante ata o curso 2020/2021 sendo máis significativa no curso 2021/2022.

O promedio de estudantes que se matriculan por primeira vez no Grao (In03G) é de 25,60 nos derradeiros cinco cursos, co dato de 21 matrículas no derradeiro ano.

Os datos referidos á matrícula de novo ingreso por prescrición (In04G) alcanza un promedio do 26,75 matrículas nos últimos catros cursos, con un dato no último curso 2021/22 de 21 matrículas.

A nota media de acceso por prescrición (In06G), evoluciona á alza de maneira ininterrompida dende o curso 18-19, acadándose unhas cualificacións para o curso 21-22 de 7,66.

De forma específica, a porcentaxe de alumnos que accede á titulación cunha nota media superior a 6 (In07G) acada no curso (21-22) un dato porcentual moi positivo (94,44%), remontando a cifra do ano previo (20-21) en máis dun 15%. Un aspecto positivo dentro da composición do alumnado é a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (In08G). Aínda que as cifras son reducidas, os datos reflicten un incremento do interese de persoas estranxeiras de acceder á titulación, obsérvase un incremento da porcentaxe. A cifra obtida para o curso académico acadou un 2,4% .

A porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre matriculados (In09-G), son reducidos, nos últimos anos prodúcese unha leve diminución do número de estudantes pertencentes a este colectivo no Grao.

A relación de estudantes prescritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas (IN10G-PC-05) acada un promedio do 31,37% nos últimos catro cursos, sendo o do curso 2021/22 un 35,56%.

En canto á taxa de ocupación (IN12G-PC-05), este indicador mostra a taxa de captación de alumnado e os resultados marcan unha tendencia á alza nos catro últimos cursos, pasando dun 71,11% do curso 2020/2021 a un 93,33% no curso 2021/2022.

### Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

**Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
  - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
  - Admisión do alumnado (acción de captación).
  - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
  - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
  - Mobilidade.
  - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
  - Avaliación da aprendizaxe
  - Prácticas externas.
  - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
  - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Escola de Relacións Laborais de Lugo desenvolve os seus programas formativos no marco da organización xeral da USC e da normativa vixente.

A maiores, este Centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela segue as directrices que marca esta Universidade para a xestión académica que regulan os aspectos máis esenciais do proceso formativo (tanto as normas xerais como as regulamentarias susceptibles de adaptación para cada Centro ou Título). Algunhas delas son xerais, mentres que outras conforman marcos regulamentarios susceptibles de adaptación para cada Centro ou Título. As principais normas, que se apuntan a continuación, poden consultarse nas direccións web:

[https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311\\_graos\\_normativa.html](https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html) <https://www.usc.gal/gl/normativa/estudantes/index.html>

- Resolución de 20 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ditan instrucións para a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e máster nas universidades do SUG.
- Regulamento das titulacións oficiais de grao e máster na USC (aprobada en Consello de Goberno [CG] de

28/07/2017).

- Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC (CG 15/06/2011 e 25/05/2012; Consello Social 05/06/2012)
- Resolución do 3 de decembro de 2014 pola que se acorda dar a publicación da modificación da normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster (Consello Social de 3/11/2014).
- Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos (CG 14/03/2008)
- Procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster (RR 15/04/2011)
  - o Acreditación do nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira (acordo de CG de 28/05/2019)
  - o Acordo de CG sobre recoñecemento de créditos nos estudos de Grao conforme al art. 12.8 do RD 1393/2007 (CG 05/07/2016, modificado por CG 12/05/2017)
- Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións (aprobada en CG 15/06/2011).
  - o Modificación da normativa de avaliación do rendemento académico (CG 05/04/2017)
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster (acordo CG 10/03/2016)
- Regulamento de acceso e admisión das ensinanzas universitarias oficiais de grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral (CG 23/03/2011)
- Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES (CG 25/03/2010)
- Regulamento de prácticas académicas externas (CG 29/07/2015)
- Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes da USC (CG 26/10/2012), modificado para as titulacións dobres ou programas de simultaneidade académica por acordo do CG de 18/07/2019.
- Normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio (CG 03/03/2017), modificado en CG de 24/05/2018.
- Convocatoria de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES (CG 24/09/2013)
  - o Modificación do punto segundo da Convocatoria de Fin Carreira para as titulacións adaptadas ao EEES (CG 08/10/2015)

Entre a normativa propia da Escola de Relacións Laborais de Lugo directamente relacionada coa organización dos procesos de ensinanza/aprendizaxe e que desenvolve o concreta las normas xerais de la USC dentro do seu ámbito de competencia, encóntranse:

- Regulamento de réxime interno da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo.
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao da Titulación de Relacións Laborais y Recursos Humanos da USC
- Regulamento sobre a realización de prácticas en empresas recoñecibles como créditos optativos da Titulación.

Este marco normativo regula os procedementos e condicións formais para o acceso, progresión e terminación dos programas formativos.

Os procesos do SGC da Escola de Relacións Laborais de Lugo máis directamente relacionados coa garantía de aprendizaxe son os cinco procesos chave que o configuran e que explicamos a continuación: (PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC- 02, Planificación das ensinanzas; PC-03, Apoio aos estudantes; PC- 04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas).

A CTCC (Comisión de Título/Calidade), analiza anualmente o desenvolvemento destes procesos e os indicadores que dan conta dos resultados e da satisfacción asociados á ensinanza, aprendizaxe e avaliación.

## 1. CRITERIOS DE ADMISIÓN NO GRAO

Da cordo coa normativa vixente, así como a MVT, para acceder ao Grao en RRLL e RRHH, é necesario cumprir os seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente e ter superado as probas de acceso á universidade.
- Cumprir os requisitos esixidos para o acceso á universidade nos sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados cos que España subscribise acordos internacionais nesta materia.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, para maiores de 40 anos con experiencia laboral ou profesional ou aprobada para maiores de 45 anos.
- Posuír un título de técnico superior de formación profesional, ensino de artes plásticas e deseño ou de técnico deportivo superior, ou títulos equivalentes.
- Ter un título universitario oficial de grao, máster ou un título dos correspondentes á anterior ordenación do ensino universitario (diplomado universitario, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado...) ou títulos equivalentes.
- Ter cursados estudos universitarios parciais estranxeiros ou españois, ou que, ao finalizar os estudos universitarios estranxeiros, non obtivesen a súa homologación en España e desexen continuar estudos nunha universidade española. Neste suposto, será requisito indispensable que a universidade correspondente recoñeza cando menos 30 créditos ECTS.
- Estar en condición de acceder á universidade segundo ordenacións educativas anteriores á Lei Orgánica 8/2013, non incluídas nos apartados anteriores.

## 2. CAPTACIÓN DE NOVOS ESTUDANTES

Ante o descenso do número de alumnos, a Comisión del Título/Calidade aprobou unha acción de mellora orientada a mellorar a captación e matrícula no Título.

Así, en primeiro lugar, o Centro participou en todas as actividades previstas polo Programa Ponte da USC creado para a captación de novos alumnos.

En segundo lugar, enviouse información sobre a titulación aos orientadores laborais dos Centros de Bacharelato e Formación Profesional de Galicia.

En terceiro lugar, empregáronse as distintas redes sociais que posúe a Escola, para a difusión do Centro e da titulación. Tamén se programou dar a maior publicidade posible a través da prensa local, non só referente ao Título, senón tamén ás actividades que se desenrolan no Centro.

Por último, prográbase como tarefa a creación dun podcast de promoción e difusión do centro.

## 3. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL, FORMACIÓN EN COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

Neste punto leváronse a cabo as seguintes accións:

- *Xornada de Acolida*: O primeiro día lectivo do curso, o equipo directivo e docente do Centro, xunto coa Coordinadora de Grao e de curso reúnese cos alumnos matriculados por primeira vez no Grao en RRLL e RRHH a fin de orientalos na nova andadura universitaria que comezan. Para este acto, o centro conta ademais coa axuda dos alumnos titores que se presentan e explican a súa función de acompañamento e asesoramento ao alumnado de novo ingreso.
- *Formación en competencias transversais*

En canto á formación, esta Escola sempre se caracterizou por dar ao seu alumnado unha formación en competencias transversais moi completa e extensa. Así podemos destacar:

- Taller sobre como elaborar un TFG.

- Curso de Xestión Contable.
- Xornadas sobre as saídas profesionais da Titulación.
- Workshop de habilidades de comunicación.
- Xornada sobre o mecanismo rede de flexibilidade e estabilización do emprego.

#### 4. PRÁCTICAS EXTERNAS

As prácticas externas en empresas constitúen unha oportunidade única para o alumnado de Grao, pola ampla variedade de posibilidades en termos de empresas e institucións ofertadas, e pola adquisición de competencias relevantes a efectos da súa futura incorporación ao mercado laboral.

No Centro existe a figura dun Coordinador de Prácticas encargado da xestión específica das mesmas. Cóntase con convenios asinados con organizacións que reflicten fielmente a variedade de saídas profesionais dos graduados en RRLL e RRHH. O listado de organizacións é moi variado, por exemplo, existen convenios en vigor con asociacións sen ánimo de lucro, consultarías de recursos humanos, consultarías laborais, entidades públicas como Administracións Locais, empresas de traballo temporal, sindicatos, despachos de avogados ou mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

A Escola conta con 38 convenios de colaboración.

Ditos convenios renóvanse cada 4 anos e o listado de empresas actualízase de maneira anual. Para solicitar a realización de prácticas, o alumnado conta con dúas alternativas: (1) escoller algunha entidade das ofertadas polos centros ou (2) propoñer outras organizacións (prácticas propiciadas). En ámbolos dous casos, o procedemento e os sistemas de coordinación co alumnado e profesionais é o mesmo.

O procedemento seguido pola Escola é o seguinte. Unha vez publicadas as listas definitivas de asignación das empresas, o Coordinador de Prácticas contacta a todos os alumnos/as e titores/as das empresas co obxectivo de repasar o plan de prácticas, as datas, as tarefas a realizar, a documentación necesaria ou o sistema de avaliación. O Coordinador de Prácticas comunícase de maneira periódica co/a alumno/a en prácticas para comentar, como se está desenvolvendo a actividade, que tarefas e funcións desempeña o/a alumno/a ou calquera incidencia que poida ocorrer. Toda a documentación de carácter administrativo referida ás prácticas (p. ex., convocatorias, listados de asignación, formato de memoria de prácticas) atópase dispoñible para todo o alumnado na páxina web propia da Escola ([www.relacioneslaboraleslugo.com](http://www.relacioneslaboraleslugo.com)).

Unha vez rematadas as prácticas, os/as alumnos/as deben elaborar unha memoria de prácticas na que reflicten, entre outros aspectos, unha descrición detallada das tarefas e funcións realizadas durante o período de prácticas e unha valoración das mesmas.

XESTIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS						
CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
IN19-PC-04-Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas	Grao	4,37	4,48	-	3,5	3
IN20-PC-04-Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas	Grao	4,32	4,07	-	4	4,4
IN21-PC-04-Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas	Grao	4,00	-	-	-	-
IN22-PC-04-Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións	Grao	77,78	56,67	44,19	53,33	72,73

En cuanto á satisfacción dos alumnos que realizaron prácticas no ano 21-22, a cualificación promedio é de 3, unha cualificación que reflicte un nivel aceptable de satisfacción.

A boa xestión das prácticas externas vese asimismo reflectida nos datos de satisfacción dos títos profesionais, con un 45,45% de taxa de participación, valoraron con puntuacións superiores a 4 todas as dimensións da escala de satisfacción. O 80% contrataría aos estudantes recibidos e o 100% volvería a ofertar esa praza para prácticas.

### 5. TRABALLOS FIN DE GRAO

A asignación dos Traballos de fin de Grao ofrece tres modalidades: opción A, o/a alumno/-a fai unha proposta de tema para o TFG (17 no curso 2021/22 para o Grao) ao membro do PDI, que acepta a titorización. Opción B, oferta de TFG que realiza o centro (12 no 2021/22) a través dun listado publicado na páxina web do mesmo, para o alumnado que non se acolla á modalidade A ou B. Opción C sería prórroga do ano anterior (14 no 2021/2022).. A supervisión dos TFG é realizada polo profesor titor responsable da titorización a través de titorías programadas co/a estudante.

A avaliación dos TFG realízase a través da presentación e defensa ante dous tribunais, un asignado á TFG da rama xurídica, e outro para os TFG da rama de recursos humanos.

### 6. TASAS DE RENDEMENTO, ÉXITO E AVALIACIÓN

RESULTADOS APRENDIZAXE						
CÓDIGO-NOME	TÍTULO	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
IN34-PC-05-Taxa de rendemento	Grao	78,08	82,03	88,53	81,31	83,21
IN35- PC-05-Taxa de éxito	Grao	92,68	93,76	95,60	93,57	90,65
IN36 PC-05-Taxa de avaliación	Grao	84,25	87,49	92,61	86,90	91,79
IN37- PC-05-Taxa de graduación	Grao	59,38	68,18	73,68	37,50	66,67
IN38- PC-05-Duración media dos estudos	Grao	4,53	4,67	5,71	4,47	4,71
IN40- PC-05-Taxa de abandono durante o primeiro curso	Grao	5,26	31,25	25,00	18,75	8,33
IN41- PC-05-Taxa de abandono RD 1393/2007	Grao	18,75	18,18	15,79	43,75	20,83

En canto aos indicadores de resultados, conséntase unha desigual distribución do aprendizaxe do alumnado nas diferentes materias e nos diferentes cursos. Ditos resultados son considerablemente menos favorables no primeiro curso, situación que pode ter o seu orixe no diferente nivel que cada estudante trae consigo tras rematar o Bacharelato ou FP, e no inevitable "choque adaptativo" que representa a transición dende ese nivel de estudos ata a universidade, non só nos aspectos académicos. Proba dilo, é que os indicadores de aprendizaxe melloran notablemente no segundo curso e sucesivos, a excepción de cuarto curso, ano no que a sobrecarga de traballo (asignaturas, Traballo Fin de Grao, prácticas en empresa) determinan un empeoramento dos resultados de aprendizaxe.

Como consecuencia do anterior, implementouse un novo programa de orientación académica especialmente dirixido ao alumnado de primeiro curso para previr problemas de aprendizaxe e ofrecer apoio e asesoramento personalizado. Este programa de titorización púxese en marcha cun equipo de catro docentes (coordinado pola dirección do centro) que ofreceron apoio individualizado a varios estudantes ao seu cargo. Tras supervisar a súa evolución académica durante o primeiro curso, púidose comprobar que o alumnado mellorou os seus resultados académicos e que, en segundo curso, os estudantes titorizados están moito máis motivados e integrados.

A taxa de rendemento (IN34G-S01-PM-01) mantense nos últimos anos en valores moi positivos, lixeiramente superiores ao 80%. A tendencia crecente da taxa de rendemento é significativa no curso 2021-2022 no que este dato mellora, acadando un valor do 83,21 %.

A taxa de éxito dos titulados (IN35G-S01-PM-01) segue unha tendencia estable e satisfactoria, manténdose nos últimos anos por enriba do 90%. En concreto no curso 2021-2022, presenta un valor do 90,65%, moi similar ao de cursos anteriores, nos que se situaba en torno ao 93%.

A taxa de avaliación (IN36G-S01-PM-01), que durante os últimos anos se mantén cunha tendencia estable de datos positivos, amosa no curso 2021-2022 un lixeiro ascenso con respecto ao curso anterior, sendo o seu último valor neste centro do 91,79%.

Ao analizar os datos da taxa de avaliación os maiores porcentaxes prodúcense en segundo e terceiro (96,03% y 93,35%). No cuarto curso prodúcese un leve decrecemento (87,16%) de novo motivado pola taxa de avaliación referida aos TFG, en especial aos asinados ao grupo de alumnos de Curso Ponte.

#### Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
  - Formación do profesorado e mobilidade.
  - Actividade investigadora.
  - Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
  - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na Escola de Relacións Laborais de Lugo, imparten a docencia 16 profesores. A este respecto, é importante destacar que non sufriu variación algunha en relación ao curso 2020/2021. Ao ser un centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela, a súa contratación difire da forma de contratación que se leva a cabo por parte de dita Universidade.

Así, este cadro de profesorado que imparte a docencia no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, depende da Fundación Campus Universitario de Lugo e a relación entre estas dúas partes basease nunha contratación de carácter laboral, e residualmente, soamente en relación a tres profesores, a través de contratos de arrendamento de servizos.

A satisfacción do PDI coa titulación ten unha valoración global moi positiva (4,42) destacando a valoración efectuada á atención prestada polos PAS (4,57), así como á importancia no emprego do Campus Virtual (4,61).

En relación coa calidade da docencia na titulación, tamén se valora dunha maneira favorable (4,32), destacando o equilibrio dos contidos teóricos e prácticos (4,21).

En canto á participación do PDI da Escola nos cursos de Formación e Innovación Docente (PFID) hai que sinalar que o profesorado conta con importantes limitacións de acceso aos cursos e demais actividades de formación continua ofertadas pola Universidade de Santiago de Compostela motivado pola súa pertencencia a un Centro Adscrito. Aínda así, dende a Escola promóvense iniciativas que foron recollidas no cadro de Accións de Mellora para fomentar a formación de seu corpo docente.

### Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
  - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.



- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

**Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:**

Tanto os espazos físicos como as infraestruturas e os recursos materiais postos a disposición do alumnado son suficientes para o desenvolvemento da docencia no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos impartido neste Centro.

A normativa de accesibilidade cúmprese en todos os espazos da Escola garantindo desta forma a seguridade no acceso a todas as persoas. Así, na entrada principal dispónse dunha rampla de acceso ao Centro. Existe un ascensor que comunica a planta baixa coa primeira planta (acceso ás aulas e despacho dos profesores) e a planta segunda (Despacho de profesores e sala de reunións). Tamén se conta cos equipos necesarios de emerxencia (extintores e desfibrilador), así como as correspondentes saídas de emerxencia.

A Escola posúe un servizo de prevención alleo contratado pola Fundación Campus Universitario de Lugo, que é o encargado de levar a cabo a implantación do correspondente plan de prevención onde se regula a acción preventiva da mesma, as medidas preventivas a adoptar, a formación e información a traballadores, a vixilancia da saúde...

A Escola comparte edificio coa Facultade de Humanidades e a Escola Universitaria de Enfermería, o que implica compartir espazos físicos e dispor de espazos comúns aos tres centros. En consecuencia, podemos distinguir:

- Instalacións propias da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (Despachos equipo directivo, servizos administrativos, despachos de profesores, sala de reunións) distribuídos nas tres plantas que conforman o edificio.
- Instalacións compartidas cos outros dous centros ubicadas na planta baixa e primeira planta do edificio (Cafetería, Salón de Actos, Salón de Graos, Sala de Lectura, Aulario).
- Os servizos de Xestión Académica postos a disposición do alumnado son apropiados. Este é un servizo onde non só se atende ao alumno de maneira presencial na secretaría do Centro, se non tamén está informatizado tanto na páxina web institucional da USC (Secretaría Virtual do alumno) como na páxina web propia da Escola (Formularios). Ademais, a USC conta cunha Sede electrónica, que posibilita a realización de trámites e consultas (registro, sinaturas, expedientes, solicitudes) durante as 24 horas do día.

Para o desenvolvemento da docencia, a USC pon a disposición da Escola, un Campus Virtual que é empregado tanto polos profesores como polo alumnado. Aos efectos de poder titorizar aos alumnos que teñen concedida a dispensa de asistencia a clase, utilízase a plataforma TEAMS.

En canto ás prácticas externas as instalacións onde se desenvolven son adecuadas para acadar os fins e obxectivos de ditas prácticas.

### Directriz 6. Información pública

**Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A xestión da información pública da Escola de Relacións Laborais desenvólvese conforme ao descrito no proceso de soporte PS-06, Información pública, do seu SGC, como garantía de que toda a información relevante da titulación que nela se imparte, faise pública, revisase periodicamente e actualízase co fin de manter informados aos grupos de interese.

A actualización da información pública realízase periodicamente polo persoal responsable (Conserxería) ao longo de cada curso académico.

A canle principal para poñer a disposición a información é a web institucional e a web propia do Centro. Nelas están accesibles todos os contidos que se relacionan na Táboa de Información mínima a publicar, anexa ao Manual do SGC, que se revisa e, de ser o caso, actualízase anualmente. No dous sitios web da Escola de Relacións Laborais presentase toda a información do Centro (organización, infraestruturas, profesorado e outro persoal, SGC, formularios, etc.). Co fin de atender ás necesidades do alumnado no día a día, facilítase toda a información relevante para o desenvolvemento dos estudos (horarios, contacto do profesorado, información sobre Prácticas e TFG, mobilidade, programas das materias...). Esta información actualízase antes do inicio de cada curso e en cada semestre, así coma si se produxese algunha necesidade de modificación.

A información relativa ao SGC está publicada nas dúas páxinas web da Escola, no sitio "Calidade".

Empregáanse ademais outras canles de información pública como son os taboleiros de anuncios do edificio e das correspondentes aulas. Así como, as redes sociais.

### 3.- Plan de Melloras do centro

Link:

AM Escola Universitaria Relacións Laborais Lugo: [https://nubeuscmy.sharepoint.com/personal/anavictoria\\_santin\\_usc\\_es/\\_layouts/15/onedrive.aspx?view=0](https://nubeuscmy.sharepoint.com/personal/anavictoria_santin_usc_es/_layouts/15/onedrive.aspx?view=0)

AM Lugo Santiago: [https://nubeusc-my.sharepoint.com/personal/anavictoria\\_santin\\_usc\\_es/\\_layouts/15/onedrive.aspx?view=0](https://nubeusc-my.sharepoint.com/personal/anavictoria_santin_usc_es/_layouts/15/onedrive.aspx?view=0)

### 4.- Modificacións nos diferentes títulos

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS		
TÍTULO	MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

**5.- Listaxe de evidencias e indicadores**

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	ACSUG
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Páxina Web Institucional: <a href="https://www.usc.gal/gl/estudios/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/gao-relacions-laborais-recursos-humanos-0">https://www.usc.gal/gl/estudios/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/gao-relacions-laborais-recursos-humanos-0</a> Páxina Web E.U. Relacións Laborais <a href="https://relacioneslaboraleslugo.com/programas-das-materias-2/">https://relacioneslaboraleslugo.com/programas-das-materias-2/</a>
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	<a href="https://nubeusc-my.sharepoint.com/personal/anavictoria_santin_usc_es/_layouts/15/onedrive.aspx?view=0">https://nubeusc-my.sharepoint.com/personal/anavictoria_santin_usc_es/_layouts/15/onedrive.aspx?view=0</a>
2,3	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	<a href="https://nubeusc-my.sharepoint.com/personal/anavictoria_santin_usc_es/_layouts/15/onedrive.aspx?view=0">https://nubeusc-my.sharepoint.com/personal/anavictoria_santin_usc_es/_layouts/15/onedrive.aspx?view=0</a>
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3 Autoinforme, Criterios 1 a 6
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Panel de indicadores_-
			INF.16_- (información por título)
			INF.CiUG_- (información por título)
1, 2, 3	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	I2_- (información por título)
1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	Panel de indicadores_-
			INF.03_- (información agrupada por centro)
6	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	<a href="#">Web da USC</a>
			Web do centro <a href="https://relacioneslaboraleslugo.com/">https://relacioneslaboraleslugo.com/</a>
			Web do título

1	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web da USC: <a href="https://www.usc.gal/es/centro/escuela-universitaria-relaciones-laborales/calidad">https://www.usc.gal/es/centro/escuela-universitaria-relaciones-laborales/calidad</a> Web do centro: <a href="https://relacioneslaboraleslugo.com/calidad/">https://relacioneslaboraleslugo.com/calidad/</a>
1	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web Institucional: <a href="https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais">https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais</a>  Web Escola Relacións Laborais Lugo <a href="https://relacioneslaboraleslugo.com/calidad/">https://relacioneslaboraleslugo.com/calidad/</a>
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="https://nubeusc-my.sharepoint.com/personal/anavictoria_santin_usc_es/_layouts/15/onedrive.aspx?view=0">https://nubeusc-my.sharepoint.com/personal/anavictoria_santin_usc_es/_layouts/15/onedrive.aspx?view=0</a>
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1, 2 e 3
Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Panel de indicadores_- Informes de enquisas (docencia, PDI, PAS, egresados, prácticas, mobilidade...)
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	Panel de indicadores_-
1	E14	Informe de certificación da implantación do SGC	ACSUG
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	<a href="https://relacioneslaboraleslugo.com/grado-en-relaciones-laborales-y-recursos-humanos/">https://relacioneslaboraleslugo.com/grado-en-relaciones-laborales-y-recursos-humanos/</a>  E15_- (información por título)
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	<a href="https://relacioneslaboraleslugo.com/la-escuela/">https://relacioneslaboraleslugo.com/la-escuela/</a>  E16_-
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Memoria, Directriz 4

4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_- (información agrupada por centro)
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_- (información agrupada por centro)
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,... )	INF.13_- (información por título)
			INF.14_- (información por título)
4	I9	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	I10_- (información agrupada por centro)
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do centro <a href="https://relacioneslaboraleslugo.com/la-escuela/">https://relacioneslaboraleslugo.com/la-escuela/</a>
5	E19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	Web do centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	<a href="https://nubeusc-my.sharepoint.com/personal/anavictoria_santin_usc_es/_layouts/15/onedrive.aspx?view=0">https://nubeusc-my.sharepoint.com/personal/anavictoria_santin_usc_es/_layouts/15/onedrive.aspx?view=0</a>
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Carpeta I11
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
2,3	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, ao menos, os últimos cursos académicos (título, titor y cualificación)	<a href="https://nubeusc-my.sharepoint.com/personal/anavictoria_santin_usc_es/_layouts/15/onedrive.aspx?view=0">https://nubeusc-my.sharepoint.com/personal/anavictoria_santin_usc_es/_layouts/15/onedrive.aspx?view=0</a>
2,3	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	INF.15_- (información por título)
2,3	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3 Autoinforme Criterio 6
2,3	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Memoria, Directrices 2 e 3 Autoinforme Criterio 7

2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	Panel de indicadores_- (información agrupada por centro)
			INF.17_- (información por título)
			INF.18_- (información por título)
			INF.19_- (información por título)
			SIIU_- (información por título)
2, 3	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Panel de indicadores_- (información agrupada por centro)
			INF.CiUG_- (información por título)
2, 3	I14	Resultados de inserción laboral	EIL-SIIU_- (información por título) EIL-ACSUG_- (información por título)
2, 3, 4, 5	I15	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	Panel de indicadores_- (información agrupada por centro)